

FINALIDADE

Neste curso abordaranse os conceptos básicos para elaborar o **plan de empresa** dunha **entidade de economía social**, dende a idea de negocio, ata a proposta de valor, o plan de marketing, a organización e xestión de persoas e o plan económico-financeiro.

Permitirá aos/ás promotores/as dunha iniciativa de economía social **deseñar** de xeito ordenado a **creación da súa empresa**, tratando os temas fundamentais para mellorar as probabilidades de **éxito**.

DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais de recente creación, e emprendedores que aposten pola fórmula cooperativa e a economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

DATAS E HORARIOS

Impartirase do 26 ao 29 de abril de 2021 en horario de 16 a 20 horas. O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Información: 982 284 150, formación@fundacioncel.org.

Instalacións adaptadas ás medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID -19



FORMACIÓN PARA A CREACIÓN DO TEU PLAN DE EMPRESA

¡¡INSCRÍBETE!!

Curso gratuito con
prazas limitadas



DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de **15 horas** está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio dos alumnos participantes.

As accións formativas desenvolveranse ao longo de **4 sesións**, as tres primeiras cunha duración de 4 horas, e a última sesión cunha duración de 3 horas. Os **contidos** contemplados serán os seguintes:

MÓDULO 1. O MODELO DE NEGOCIO (4 horas)

Entender e aplicar a metodoloxía Lean Startup para deseñar e medir a validez da idea de negocio, analizando e estudando estratexias baseadas no cliente, e tendo en conta o Produto Mínimo Viable.

MÓDULO 2. O PLAN DE MARKETING (4 horas)

Coñecer e aprender como aplicar conceptos básicos do marketing que permitan xerar unha estratexia de comunicación e comercialización exitosa.

MÓDULO 3. A ORGANIZACIÓN E AS PERSOAS (4 horas)

Aprender novos conceptos relacionados coa xestión das persoas na empresa de economía social, aportando ferramentas de utilidade para un liderado efectivo e unha organización interna adaptada aos obxectivos da nova empresa.

MÓDULO 4. O PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO (3 horas)

Descubrir como dimensionar e analizar a viabilidade do proxecto emprendedor, facilitando a comprensión dos conceptos contables e financeiros máis importantes dos apartados do plan financeiro, aprendendo, asimismo, a cumplimentalo.

MEDIOS PREVISTOS

Cada un dos módulos abordaranse de xeito sinxelo e comprensible, á vez que riguroso. A metodoloxía empregada misturará a **teoría** coa **posta en práctica** dos conceptos. Traballarase coas ideas de todos/as participantes á hora de usar exemplos e exercicios prácticos.

Ademáis, a reflexión en equipo permitirá ós/ás participantes obter **ideas e perspectivas diferentes** doutros compañeiros/as, o cal fortalecerá a capacidade de cada participante para **xestionar** os seus propios negocios.

Un dos aspectos aos que lle da moita importancia é á xeración dun **clima axeitado** no grupo para fomentar unha aprendizaxe máis efectiva, no que poida xurdir o coñecemento individual e a **intelixencia colectiva**, que tanto favorece a unha aprendizaxe significativa e ao avance real do grupo.

O obxectivo desta metodoloxía é conseguir a **aplicación inmediata** dos contidos, logrando acadar un impacto positivo e substancial no día a día da iniciativa empresarial de economía social.